

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN, RECOÑECEMENTO E ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS

QUE É ARA?

A acreditación de competencias é un proceso que permite recoñecer unidades de competencia profesional adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación.

Esas unidades de competencia son as que configuran as cualificacións profesionais reguladas polo **Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional**.

QUE OBTÉS?

Un certificado oficial válido en toda España que demostra a túa experiencia e coñecemento, e que pode axudarte a mellorar o teu futuro profesional.

A. Experiencia laboral

Requisitos de participación Ter experiencia laboral e/ou formación non formal relacionada coas competencias acreditables.

- Nivel 1: Máis de 18 anos con 2 anos de experiencia e 1200 horas traballadas.
- Nivel 2 e 3: Máis de 20 anos con 3 anos de experiencia e 2000 horas traballadas.

B. Formación non formal

Nivel 1: Máis de 18 anos con un mínimo de 200 horas de formación.

As persoas candidatas non poderán estar matriculadas nun ciclo de formación profesional ou realizando formación profesional para o emprego, conducente á acreditación das unidades de competencia nas cales solicita a súa inscrición.

Nivel 2 e 3: Máis de 20 anos con un mínimo de 300 horas de formación.

SOLICITUDES:

A solicitude de participación no procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias (Procedemento ARA) deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia:

Previamente deberán cubrirose os datos correspondentes a través da aplicación informática ACREDITA:

<https://www.edu.xunta.gal/fp/acredita>

PRAZO DE SOLICITUDES

Procedemento aberto con carácter permanente

Taxas GRATUÍTAS

FASES DO PROCEDEMENTO

1. Avaliación das competencias profesionais

Nesta fase unha persoa asesora axudará ás persoas solicitantes a recoller todas as probas que poidan achegar para defender a súa competencia profesional: proxectos, traballos realizados, certificados de estudos, cursos, referencias, informes e certificados de empresas.

Avaliación das competencias profesionais

2. Acreditación e rexistro das competencias

A comisión de avaliación empregará os métodos que considere necesarios para comprobar o exposto na documentación achegada na fase de asesoramento. Poden ser, entre outros, a observación directa no posto de traballo, simulacións, probas estandarizadas de competencia profesional e/ou entrevista profesional.

3. Acreditación e rexistro das competencias

Cando se supere o proceso de avaliación obterase un **CERTIFICADO DE ACREDITACIÓN** de cada unha das unidades de competencia nas que se demostrara a competencia **PROFESIONAL**.

IMPORTANTE: DENDE O CIFP FRAGA DO EUME, AXUDAMOS EN TODO O PROCESO PARA FACILITAR O TRABALLO DE ACREDITACIÓN, XA QUE ENTENDEMOS DA DIFICULTADE DE XESTION A TRAVÉS DA APLICACIÓN DE ACREDITACIÓN

Lugar de realización

Con carácter xeral, o desenvolvemento do proceso terá lugar en centros educativos con oferta de formación profesional: centros integrados de formación profesional (CIFP).

CIFP FRAGA DO EUME (Pontedeume)

Contacto:

Juan M. Crujeiras Lista

dinamizacionfp.cifp.fraga.eume@edu.xunta.gal Teléfono 881930448 e 629837627